Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da decisión de ofertar a posibilidade de facer tests rápidos para detectar a covid-19 a todas as persoas que o soliciten en determinadas farmacias de determinados concellos da provincia de Ourense, a valoración que fai das críticas realizadas polos colectivos profesionais ao respecto e os datos referidos ao desenvolvemento desta medida

BOPG nº 37, do 29.10.2020

- 7034 - 3962 (11/PRE-000473)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a presentación por Xeal dalgún plan de viabilidade para as súas fábricas de Cee e Dumbría, a súa reclamación polo Goberno galego ao novo propietario e as súas previsións respecto da existencia do mantemento nel dos postos de traballo nas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

BOPG nº 37, do 29.10.2020

- 7067 - 3982 (11/PRE-000477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos recentes contaxios de SARS-CoV-2 detectados no Complexo Hospitalario de Montecelo, en Pontevedra, o cumprimento no centro das normas de limpeza e desinfección e a substitución do persoal sanitario que ten que gardar corentena, así como a asunción pola xerencia do hospital dalgunha responsabilidade ao respecto

BOPG nº 37, do 29.10.2020

- 6992 - 4007 (11/PRE-000480)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a situación e capacidade asistencial a partir do mes de outubro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e dos hospitais comarcais de Valdeorras e Verín, así como os datos referidos á derivación de doentes destes hospitais cara a outros centros e a suspensión de intervencións non urxentes neles

BOPG nº 37, do 29.10.2020

- 7066 - 4039 (11/PRE-000485)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á atención sanitaria que se está a prestar á veciñanza do concello de Touro, as súas previsións respecto da resolución dos problemas de espazo existentes no centro de saúde e a garantía do axeitado funcionamento do servizo de atención telefónica nese concello

BOPG nº 37, do 29.10.2020



- 6958 - 4057 (11/PRE-000486)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a consideración polo Goberno galego dos resultados en Galicia no que se refire á loita contra a corrupción, así como a consideración pola Xunta de Galicia dos resultados referentes á protección dos ecosistemas terrestres e a diversidade biolóxica e as actuacións levadas a cabo polo organismo interdepartamental encargado do seguimento dos obxectivos 2030

BOPG nº 37, do 29.10.2020

- 6957 - 4152 (11/PRE-000497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da rebaixa por importe de 14.540.000 euros levada a cabo polo Goberno galego no ano 2019 no orzamento do programa 451B, □ Acceso á vivenda, e os valores acadados nese ano polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto desa medida nos colectivos potencialmente beneficiarios da execución dese programa na súa totalidade

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 6956 - 4235 (11/PRE-000509)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2019 o Programa 451A, □ Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, a avaliación do seu impacto e os valores acadados polos indicadores denominados "Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación" e "Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda"

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 7003 - 4352 (11/PRE-000525)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns do actual desabastecemento dos centros de saúde da vacina da gripe, as previsións referidas á súa dispoñibilidade e subministración, así como sobre a garantía desta vacina polo Sergas a todas as persoas e colectivos de risco

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 6993 - 4394 (11/PRE-000533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a situación na que se atopan os centros sanitarios de atención primaria pechados con motivo da covid-19, o cronograma previsto polo Goberno galego para a súa apertura e o volume de atención presencial e telefónica que se está a prestar

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 6994 - 4410 (11/PRE-000535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para adaptar o espazo do Servizo de Urgencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela á situación de pandemia xerada pola covid-19 e a súa dotación co persoal necesario, así como sobre as razóns das deficiencias que segue a presentar a súa dotación de material

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 7065 - 4433 (11/PRE-000538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas de asistencia sanitaria e de renovación de receitas a pacientes crónicos xerados no sistema de atención primaria do Sergas, o número de profesionais de medicina familiar e comunitaria incrementados polo Sergas desde o inicio da pandemia e a resposta que lles está a ofrecer aos pacientes que precisan renovar as receitas e non poden facelo pola saturación do sistema

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 6995 - 4443 (11/PRE-000540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na convocatoria da mesa de negociación para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia e as actuacións previstas ao respecto

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 7017 - 4450 (11/PRE-000541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia referida ao avance por Endesa no proceso de peche da central térmica das Pontes, así como sobre a realización dalgunha valoración en relación coa actuación que está levar a cabo respecto do seu cadro de persoal directo, co impacto económico dese peche e coas consecuencias da perda dun produtor enerxético das súas características e dimensións

BOPG nº 41, do 05.11.2020

- 6996 - 4678 (11/PRE-000569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para adoptar decisións que levan ao peche do Consultorio Médico de Barbantes, no concello de Cenlle, o prazo previsto para a súa rectificación e o número de cartillas afectadas

BOPG nº 46, do 13.11.2020

- 6955 - 4831 (11/PRE-000586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión da súa decisión verbo da exclusión das actividades cinxéticas non competitivas das restricións de mobilidade establecidas en Galicia para afrontar a covid-19 no protocolo Fisicovid, da Federación Galega de Caza  
BOPG nº 46, do 13.11.2020

- 6997 - 4864 (11/PRE-000590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns da demora da Consellería de Sanidade no cumprimento do acordo parlamentario referido á endometriose e a súa opinión respecto da atención sanitaria que se está a prestar ás mulleres que padecen esta doenza

BOPG nº 46, do 13.11.2020

- 6998 - 4992 (11/PRE-000605)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para solucionar as deficiencias existentes en materia laboral e garantir a calidade asistencial no Hospital Povisa, de Vigo, así como sobre o seguimento que está a realizar do cumprimento das condicións do concerto

BOPG nº 50, do 20.11.2020

- 7016 - 5093 (11/PRE-000609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre o mantemento polo Goberno galego na actualidade da necesidade de ampliar os servizos sanitarios no concello de Cedeira e o prazo previsto para a inclusión desta ampliación no Plan funcional da área sanitaria de Ferrol

BOPG nº 50, do 20.11.2020

- 7015 - 5132 (11/PRE-000616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego da mingua da calidade da atención pediátrica no concello de Cedeira, en particular nestes tempos da covid-19, e as súas previsións respecto do completo restablecemento do servizo de pediatría no centro de saúde da vila

BOPG nº 50, do 20.11.2020

- 6999 - 5406 (11/PRE-000653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento da dotación de persoal do PAC de Meira e a garantía dunha atención pediátrica de calidade no centro de saúde

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7000 - 5444 (11/PRE-000658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os datos referidos á situación da atención hospitalaria á covid-19 na área sanitaria de Ferrol, o rastrexo de contactos con positivos e as probas PCR realizadas, así como as previsións do Sergas ao respecto

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7021 - 5453 (11/PRE-000659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia respecto da situación das empresas Malasa e Noa Madera Creativa, os datos referidos ás axudas públicas concedidas a estas nos dez últimos anos e a súa posible vinculación á creación, mantemento ou estabilización do emprego

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7014 - 5534 (11/PRE-000667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dalgún protocolo específico para avaliar e computar axeitadamente o volume de persoas contaxiadas e falecidas pola gripe, de xeito diferenciado das afectadas pola covid-19

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7013 - 5540 (11/PRE-000668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa investigación sanitaria

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7012 - 5549 (11/PRE-000669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as razóns do Goberno galego para non rescindir os contratos asinados coas empresas para a explotación dos aparatos de televisión dos cuartos dos centros hospitalarios de Galicia, co fin de establecer a gratuidade do seu uso para as persoas ingresadas

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7011 - 5561 (11/PRE-000671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño

BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7001 - 5605 (11/PRE-000676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as razóns da baixada do número de PCR que viña realizando o Sergas na área sanitaria de Vigo, a pesar do impacto que está a ter a covid-19 nela, e a opinión do Goberno galego ao respecto  
BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 7002 - 5641 (11/PRE-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o criterio que se está a aplicar para a realización das PCR para detectar a covid-19, as razóns da súa baixada repentina, incluso nas áreas nas que aumentan os contaxios, e a opinión do Goberno galego ao respecto  
BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 6954 - 5663 (11/PRE-000683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da declaración da emerxencia climática en Galicia  
BOPG nº 52, do 25.11.2020

- 6953 - 5963 (11/PRE-000713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o estado de abandono no que se atopa o parque forestal de Castiñeiras, nos concellos de Vilaboa e Marín, a existencia dun compromiso real da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o cumprimento do convenio asinado ao respecto coa Comunidade de Montes de Vilaboa e a valoración da posibilidade de reversión a esta da súa xestión  
BOPG nº 59, do 09.12.2020

- 7553 - 914 (11/PRE-001026)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar ao sector do comercio e aos autónomos a superar a crise derivada da pandemia da covid-19

- 7552 - 916 (11/PRE-001027)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre as iniciativas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para impulsar proxectos empresariais innovadores ligados á chegada de solucións contra a covid-19 e á fabricación de medios de protección e control

- 7549 - 2875 (11/PRE-001093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis



Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Axencia da Industria Forestal para promover o uso da madeira na construción en Galicia

- 7548 - 3960 (11/PRE-001238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre a reclamación polo Goberno galego dun plan de viabilidade á empresa Xeal, despois da venda ao novo propietario e a formalización do rexistro da opción de compra do arrendamento financeiro

- 7547 - 4449 (11/PRE-001771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia referida ao avance por Endesa no proceso de peche da central térmica das Pontes, así como sobre a realización dalgunha valoración en relación coa actuación que está a levar a cabo respecto do seu cadro de persoal directo, co impacto económico dese peche e coas consecuencias da perda dun produtor enerxético das súas características e dimensións

- 7551 - 1217 (11/PRE-002137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a existencia de criterios obxectivos para determinar as residencias de persoas maiores que se interviñeron como consecuencia da covid-19 e a atribución da responsabilidade desa decisión, a actuación levada a cabo pola dirección da residencia do Incio no tocante a protocolos e dispoñibilidade presencial do persoal, así como sobre a xestión desenvolvida nela antes e durante os contaxios

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

## 1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

### 1.5.4. De ámbito europeo

#### 1.5.4.1. Unión Europea

**Resolución da Presidencia, do 20 de xaneiro de 2021, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás orientacións sobre as infraestruturas enerxéticas transeuropeas e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 347/2013 [COM(2020) 824 final] COM(2020) 824 final anexos] [2020/0360 (COD)] {SEC(2020) 431 final} {SWD(2020) 346 final} {SWD(2020) 347 final}**

-11/UECS-000046 (8331) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás orientacións sobre as infraestruturas enerxéticas transeuropeas e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.º 347/2013 [COM(2020) 824



final] COM(2020) 824 final anexos] [2020/0360 (COD)] {SEC(2020) 431 final} {SWD(2020) 346 final}  
{SWD(2020) 347 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 8331, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás orientacións sobre as infraestruturas enerxéticas transeuropeas e polo que se derroga o Regulamento (UE) nº 347/2013 [COM(2020) 824 final] COM(2020) 824 final anexos] [2020/0360 (COD)] {SEC(2020) 431 final} {SWD(2020) 346 final} {SWD(2020) 347 final}

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 574**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios empregados na X legislatura pola Axencia Galega de Infraestruturas para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e sobre a previsión de publicar a totalidade dos convenios asinados pola citada axencia, coa indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles”**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfere á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, nas que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En calquera caso, é unha parte mínima do orzamento de capital da Axencia Galega de Infraestruturas a que se destina aos convenios de colaboración con entidades locais. En concreto, supuxo unicamente o 1,66% da suma dos capítulos VI+VII no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas do pasado ano 2019. E hai que considerar que a maior parte das actuacións da Axencia Galega de Infraestruturas derivan de instrumentos nos que os criterios de asignación de recursos son obxectivos, como a seguridade viaria (de acordo coa metodoloxía de identificación de treitos de concentración de accidentes); a mellora da mobilidade peonil e ciclista (Plan de Sendas de Galicia, coas estratexias comarcais publicadas na web da Axencia Galega de Infraestruturas); e co Plan de reforzos de firme, que se deseña en base ás





inspeccións dos técnicos de acordo co estado global dos firmes da rede autonómica en cada ano. Tamén é significativo que a actuación de maior contía nos orzamentos do pasado 2019 foi a da autovía do Morrazo, obra que se sitúa no concello de Moaña e dá servizo fundamentalmente a Moaña, Cangas e Bueu.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos na X lexislatura publicáronse no Diario Oficial de Galicia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así, o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior. En concreto, a Axencia Galega de Infraestruturas publicou nas seguintes datas os convenios subscritos na X lexislatura, isto é, entre o 21 de outubro de 2016 e o 10 de febreiro de 2020:

Convenios terceiro cuadrimestre 2016, DOG nº 31, do 14 de febreiro de 2017.

Convenios 2017, DOG nº 105, do 5 de xuño de 2017, DOG nº 185, do 28 de setembro de 2017, DOG Nº 25, do 5 de febreiro de 2018.

Convenios 2018, DOG nº 105, do 4 de xuño de 2018, DOG nº 192, do 8 de outubro de 2018, DOG nº 32, do 14 de febreiro de 2019.

Convenios 2019, DOG nº 99, do 27 de maio de 2019, DOG nº 195, do 14 de outubro de 2019, DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2020.

Convenios primeiro cuadrimestre 2020.

DOG nº 100, do 26 de maio de 2020.

En canto á Base de Datos Nacional de Subvencións ([www.infosubvenciones.es](http://www.infosubvenciones.es)), regulada pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:09:03  
**Nº Rexistro: 6975**  
Data envío: 29/12/2020 11:09:03.790

das subvencións e demais axudas públicas, a Axencia Galega de Infraestruturas publica nesta base de datos todos os convenios de colaboración incluídos na partida orzamentaria 512.B 760.0 dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia: 'obras en materia de estradas (convenios corporacións locais)'.

Por último, indicar que a Axencia Galega de Infraestruturas remítelle cada cuadrimestre ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, todos os convenios de colaboración asinados durante ese período no exercicio das súas funcións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:09:03  
**Nº Rexistro: 6975**  
Data envío: 29/12/2020 11:09:03.790

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:08:55**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:08:23  
Nº Rexistro: 6974

Data envío: 29/12/2020 11:08:23.587

Data 29/12/2020 11:08

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1180**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da perda de conexións e diminución das frecuencias en destinos internacionais nos tres aeroportos galegos, así como respecto da súa opinión en relación coa sustentabilidade no futuro do actual modelo aeroportuario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 12 do 8 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia vimos defendendo desde hai moito tempo que é necesario que o Goberno de España, que é quen ten as competencias en materia aeroportuaria, e os concellos implicados na promoción das diferentes terminais galegas, aposten definitivamente pola suma de esforzos e a coordinación para poñer en marcha medidas dirixidas a manter a competitividade dos aeroportos galegos, agora máis necesaria ca nunca por mor da pandemia da covid-19.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tense ofrecido incluso a coordinar a elaboración dun mapa de rutas coherente e sen duplicidades, que respecte as prioridades e preferencias das cidades. Pero os concellos nunca facilitaron información sobre as rutas que subvenciona.

O Goberno galego tamén ten solicitado a AENA a elaboración dun estudo da previsión do impacto que a futura entrada en servizo do AVE provocará no sistema aeroportuario galego coa fin de adoptar as medidas que resultaran oportunas, sen que se teña dado resposta á proposta da Xunta de Galicia.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:08:23  
**Nº Rexistro: 6974**  
Data envío: 29/12/2020 11:08:23.587

En calquera caso, é o Goberno de España quen debe adoptar as medidas oportunas para garantir a viabilidade e a competitividade dos aeroportos galegos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:08:23  
**Nº Rexistro: 6974**  
Data envío: 29/12/2020 11:08:23.587

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:08:19**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:07:42  
Nº Rexistro: 6973

Data envío: 29/12/2020 11:07:42.306

Data 29/12/2020 11:07

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1336**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a autorización da batida de lobos que tivo lugar o 30 de agosto de 2020 no ámbito do couto de caza O Azor, no concello de Xove, así como a opinión da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda referida á xestión da delegación de Lugo e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coa tramitación do expediente”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Todas as autorizacións de acción de caza sobre esta especie tramítanse seguindo o procedemento establecido no Decreto 297/2008, do 30 de decembro, a Lei de Caza de Galicia e o seu regulamento, e en concordancia coa normal pola que se determinan as épocas hábiles de caza. Todo este procedemento cumpriuse na tramitación da batida á que se fai referencia na iniciativa.

A finalidade do Plan de Xestión do Lobo é garantir a viabilidade desta especie no noso territorio, mantendo unha poboación estable en Galicia e compatibilizando a súa existencia coa da gandería extensiva e coa viabilidade das explotacións agropecuarias. De feito, a Xunta convoca anualmente axudas





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:07:42  
Nº Rexistro: 6973  
Data envío: 29/12/2020 11:07:42.306

para a prevención dos ataques e para a compensación dos danos ocasionados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:07:42  
**Nº Rexistro: 6973**  
Data envío: 29/12/2020 11:07:42.306

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:07:38**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:07:24  
Nº Rexistro: 6972

Data envío: 29/12/2020 11:07:24.274

Data 29/12/2020 11:07

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1454**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a xestión levada a cabo e as previsións do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, así como a revisión do seu plan director e a aprobación de plans de xestións específicos para cada un dos espazos inseridos nela**”, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está levando a cabo os traballos previos para a realización dunha proposta de ampliación suficientemente avalada desde o punto de vista técnico e científico. De feito, nesta lexislatura elaborárase unha nova proposta de declaración de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) ou ampliación das Zonas de Especial Conservación (ZEC). Actualmente, estase traballando no deseño técnico e metodolóxico da cartografía”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:07:20





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1472**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as políticas postas en marcha polo Goberno galego para previr a crueldade e o maltrato animal, as súas intencións respecto da súa presentación como parte nos procedementos xudiciais por maltrato, como o caso de Xunqueira de Ambía, e os datos referidos ás campañas pedagóxicas desenvolvidas para a poboación escolar, así como os expedientes sancionadores incoados nos anos 2018 e 2019”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As medidas para a prevención do maltrato animal recóllense na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía.

En relación ao caso de Xunqueira de Ambía, seguiranse os procedementos administrativos e valorarase se procede iniciar a vía xudicial.

Desde a Xunta de Galicia desenvolvéronse campañas en materia de sensibilización e de promoción sobre a tenza responsable de animais, especialmente orientadas aos nenos e nenas en idade escolar. Por exemplo, no curso 2018-2019 participaron nestas actividades un total de 2.704 alumnos e alumnas de Educación Infantil e Primaria.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:07:09  
**Nº Rexistro: 6971**  
Data envío: 29/12/2020 11:07:09.477

Nos anos 2018 e 2019, incoáronse un total de 64 expedientes sancionadores por maltrato animal e encadeamento continuado de cans”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:07:09  
**Nº Rexistro: 6971**  
Data envío: 29/12/2020 11:07:09.477

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:07:05**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/01/2021 13:31:27  
Nº Rexistro: 7550

Data envío: 11/01/2021 13:31:27.405

Data 11/01/2021 13:31

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1490**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da situación en que se encontran as pallozas, en especial as de Piornedo, no concello de Cervantes, as razóns da supresión no ano 2010 da liña de axudas do Instituto Galego da Vivenda e Solo destinada á súa conservación e mantemento, así como as súas previsións respecto da súa recuperación”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) realizou unha actuación extraordinaria de recuperación das pallozas do Piornedo financiando a renovación dos seus tellados e realizando o mantemento dos mesmos. Pero desde 2010 o IGVS non continúa con este programa, xa que non se atopa entre os seus obxectivos o mantemento continuado de construcións que non teñen como destino a vivenda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/01/2021 13:31:27  
**Nº Rexistro: 7550**  
Data envío: 11/01/2021 13:31:27.405

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/01/2021 13:31:24**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:06:53  
Nº Rexistro: 6970

Data envío: 29/12/2020 11:06:53.102

Data 29/12/2020 11:06

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1680**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego respecto das deficiencias que presenta o sistema de asistencia integrada á cidadanía do número de teléfono 012 para a solicitude das axudas por danos do xabaril dentro do prazo fixado”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O sistema integrado de atención á cidadanía (o teléfono 012) experimentou de xeito puntual unha certa saturación a inicios do mes de setembro (coincidindo nos días previos ao inicio do curso escolar) en relación con consultas derivadas da COVID-19.

Non obstante, dado que a porcentaxe de chamadas recibidas en relación con danos de fauna salvaxe (lobo e xabaril) foi aproximadamente dun 0,3% (unhas 20 sobre un total de 6.000 diarias recibidas neses días) en ningún caso se pode falar de deficiencia permanente no sistema de comunicación en relación coa tramitación destas axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:06:53  
**Nº Rexistro: 6970**  
Data envío: 29/12/2020 11:06:53.102

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:06:49**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:06:25  
Nº Rexistro: 6969

Data envío: 29/12/2020 11:06:25.102

Data 29/12/2020 11:06

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1713**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance que fai o Goberno galego da eficacia do Programa de vivendas baleiras e as súas intencións referidas á implementación de novas medidas para a súa mobilización”**, (publicada no BOPG número 17 do 18 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 30 de setembro de 2020 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, D. Heriberto García Porto, en resposta á pregunta oral 1711. Na súa intervención, o director xeral respondeu ás cuestións plantexadas sobre este programa, os seus resultados e as medidas tomadas polo Goberno galego.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 30 de setembro de 2020:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2020-09-30?part=51b9c2f9-2eab-4b60-9bc6-97f4006092a6&start=2123> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:06:25  
**Nº Rexistro: 6969**  
Data envío: 29/12/2020 11:06:25.102

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:06:19**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:53:51  
Nº Rexistro: 6989

Data envío: 29/12/2020 12:53:51.618

Data 29/12/2020 12:53

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1847**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración que fai o Sergas do funcionamento do sistema de decisión respecto da realización das probas PCR á poboación e da súa notificación, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os sistemas de notificación para ambos proxectos son distintos, unha vez que poboación diana é diferente. A realización das PCR convócase e notificase tras unha decisión médica e o estudo serolóxico, foi notificado persoalmente aos individuos da mostra escollida. En todo caso, en ambos casos, a realización das probas e a súa notificación cumpre cos estándares establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

As citas adoitanse dar por chamada telefónica. Sendo así, a confirmación de que a notificación está recibida é instantánea”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:53:51  
**Nº Rexistro: 6989**  
Data envío: 29/12/2020 12:53:51.618

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:53:45**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:06:08  
Nº Rexistro: 6968  
Data envío: 29/12/2020 11:06:08.462  
Data 29/12/2020 11:06

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 1917**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación xerada pola redución de servizos na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo a consecuencia da pandemia da covid-19, as previsións do Goberno galego respecto da súa abordaxe na comisión creada co Ministerio de Fomento e Renfe, así como a exigencia de medidas concretas para solucionar as súas deficiencias estruturais e, nomeadamente, a reposición dos servizos suprimidos”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos de tren que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas e mesmo con Portugal.

A demanda do restablecemento de servizos, tanto no que respecta ás frecuencias como aos traxectos, foi sempre acompañada pola petición de melloras nas infraestruturas, no material rodante, así como na dotación e mantemento do persoal necesario.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:06:08  
Nº Rexistro: 6968  
Data envío: 29/12/2020 11:06:08.462

A Xunta de Galicia, no que respecta ao transporte público da súa competencia, sempre tratou de compaxinar as necesidades de mobilidade dos cidadáns coa situación sanitaria de cada momento para garantir os desprazamentos e a prestación dun servizo de calidade no transporte público por estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:06:08  
**Nº Rexistro: 6968**  
Data envío: 29/12/2020 11:06:08.462

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:06:01**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 13:50:36  
Nº Rexistro: 7020

Data envío: 29/12/2020 13:50:36.227

Data 29/12/2020 13:50

Dentro da formación universitaria que reciben tanto a especialistas de Enfermaría obstétrico-xinecolóxica, como de Medicina de familia e comunitaria ou de xinecoloxía e obstetricia, figuran as actividades preventivas en saúde sexual e reprodutiva, planificación familiar e a contracepción, consello afectivo-sexual, atención á mocidade e promoción dunha vivencia positiva e unha actitude responsable da sexualidade na poboación, especialmente no caso da Enfermaría obstétrico-xinecolóxica e da Medicina especialista en Xinecoloxía. Conscientes da importancia de previr embarazos non desexados desde a mocidade, dende a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, dentro da “Guía de saúde infantil: actividades preventivas e de promoción da saúde en pediatría de atención primaria”, dirixida ao persoal sanitario deste nivel asistencial, que presta atención a adolescentes, incluíuse un capítulo sobre a prevención de embarazos non desexados na adolescencia e das infeccións de transmisión sexual, incidindo especialmente na importancia das intervencións educativas e formativas en canto á anticoncepción, para que os mozos e mozas poidan dispoñer de información comprensible, completa e axeitada, e así, tomar a decisión que mellor se adapte ás súas preferencias, características sociais e condutuais.

Desde a administración sanitaria ao longo destes últimos anos ofertáronse cursos teórico prácticos sobre métodos anticonceptivos e nalgúns caos organizáronse estadias formativas para a adquisición de habilidades prácticas, necesarias para a colocación dos métodos LARC.

Por outra banda, dentro das actividades de formación continuada, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, no marco da actividade formativa que oferta anualmente, todos os anos organiza as “Xornadas de Saúde Perinatal e Reprodutiva”, xornadas multidisciplinares acreditadas polo Sistema de Acreditación das Profesións Sanitarias de





Galicia, ás que asisten arredor de 250 profesionais de distintas categorías do Servizo Galego de Saúde (matróns/matronas, outros/as profesionais de enfermaría, xinecólogos/as, pediatras, médicos/as de familia, fisioterapeutas, psicólogos/as, Técnicos/as en coidados de enfermería, etc.), nas que se abordan temas relacionados coa saúde perinatal pero tamén coa saúde sexual e reprodutiva da muller, como por exemplo a Prevención dos embarazos non desexados e a contracepción reversible de larga duración ou Actualización en anticoncepción hormonal e intrauterina para dar a coñecer as últimas recomendacións sobre anticoncepción que recolle a Guía de Práctica Clínica de Anticoncepción Hormonal e Intrauterina de guías Salud.

A saúde sexual e reprodutiva está salvagardada polos dereitos sexuais e reprodutivos (artigo 96 da Plataforma de Acción de Beijing de 1995) e implica o dereito á educación integral na sexualidade baseada nos dereitos humanos, na evidencia científica, na igualdade de xénero e no enfoque positivo da sexualidade. Todas as mulleres teñen dereito a recibir o máis alto nivel de coidados da súa saúde, o que inclúe o dereito a unha atención digna e respectuosa durante toda a súa vida desde o nacemento, pasando pola infancia, a adolescencia, o embarazo, o parto, o puerperio e o climaterio, así como o dereito a non sufrir ningún tipo de violencia nin discriminación.

Por outro lado, a atención primaria é o nivel básico de atención á saúde e comprende actividades de promoción da saúde, educación sanitaria, prevención da enfermidade e asistencia sanitaria. E para poder levar a cabo estas actividades de promoción da saúde os e as profesionais da saúde reciben formación curricular sobre a educación sanitaria en xeral, pero tamén como facilitar a comunicación cos usuarios e usuarias do sistema público de saúde, como motivar e cambiar actitudes, así como sobre a igualdade de xénero, a prevención da violencia en xeral e a violencia machista e de xénero en particular ou a educación afectivo sexual, a planificación familiar, a saúde sexual e reprodutiva, etc. Esta formación, xunto coa formación continuada que cada un deles e delas realiza ao longo da súa carreira profesional, permítenlles transmitir esta información á cidadanía, especialmente á mocidade.

A capacidade de influencia dos e das profesionais da saúde nos comportamentos afectivo sexuais da mocidade de hoxe baséanse en intervencións individuais e grupais ademais de comunitarias nos propios centros educativos .





Tamén , dende o Plan galego anti VIH/Sida e outras infeccións de transmisión sexual, dependente da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, xunto coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a de Política Social e a Secretaría Xeral de Igualdade, desenvolveron unha actividade formativa dirixida ao profesorado de ensinanza secundaria de Galicia: “Educación en igualdade nas relacións afectivo-sexuais”, con dúas edicións: Vigo e Santiago. Esta formación estaba incluída dentro do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Nesta formación a anticoncepción e a prevención de embarazos non desexados e infeccións de transmisión sexual foron abordados, xunto coa sexualidade e as relacións interpersoais e os afectos nun contexto de Educación en Igualdade. Ademais deste proxecto educativo, a Dirección Xeral de Saúde Pública, a través do Plan Proxecta, realiza outra actividade formativa XENTE CON DON, dirixida ao profesorado de ensinanza secundaria, bacharelato e ciclos formativos, que inclúe entre os seus contidos, formación sobre anticoncepción e prevención de enfermidades de transmisión sexual.

Respecto da violencia de xénero, esta constitúe un grave problema de saúde presente en tódolos ámbitos sociais e culturais. Impide o desenvolvemento persoal, familiar, social e profesional das mulleres afectando a súa liberdade, dignidade e igualdade. É un atranco non só para elas e os seus fillos e fillas, senón que afecta a todas as persoas en particular e, a toda a sociedade no seu conxunto. Erradicar a violencia machista é unha cuestión de xustiza social.

Para a súa eliminación requírese do compromiso e da formación especializada de todas e todos os profesionais da saúde, de xeito que se coñezan as causas, os instrumentos legais e os recursos socioterapéuticos dispoñibles. Precisa igualmente, da acción interdisciplinar e coordinada, traballando en rede con tódalas institucións implicadas.

Dende o 2008 o Servizo Galego de Saúde está a traballar para sensibilizar aos seus profesionais da importancia de formarse en igualdade de xénero e na prevención e detección da violencia de xénero, co fin de previr e detectar precozmente a violencia de xénero. Así, no ano 2016, publicouse o Procedemento de intervención en saúde no caso de Violencia de Xénero e a Guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero e no ano 2020 estase a traballar no Procedemento de cribado e actuación en saúde, que propón unha estratexia de cribado e actuación en saúde co fin de aumentar a





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:54:44  
**Nº Registro: 6991**  
Data envío: 29/12/2020 12:54:44.306

detección precoz e atención das mulleres nas consultas de saúde do sistema sanitario galego, xa que os e as profesionais da saúde, están nun lugar privilexiado e accesible para todas as mulleres que poidan estar sufrindo algún tipo de violencia, especialmente no caso das máis vulnerábeis.

Tamén se realizaron outras actividades formativas dirixidas tanto a profesionais da saúde (cursos, talleres, xornadas, vídeos sobre “xénero e saúde”) como á cidadanía e obradoiros formativos a residentes en formación nas Facultades de Enfermaría e Traballo Social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:54:44  
**Nº Rexistro: 6991**  
Data envío: 29/12/2020 12:54:44.306

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:54:38**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3638**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para ofrecer aos concellos un mapa de niveis respecto da incidencia da covid-19 e non os datos concretos por cada un deles como están a demandar, e as súas previsións respecto da modificación do sistema de información que lles está a facilitar”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actuación da Xunta de Galicia na loita contra a pandemia é absolutamente transparente. Todos os días públicanse os datos da evolución da pandemia na nosa comunidade.

A Xunta publica unha nota de prensa diaria na que figuran:

- O número de casos activos en Galicia e o seu desglose por área sanitaria.
  - A situación dos pacientes positivos; é dicir, cantos están en UCI, en unidades de hospitalización ou no domicilio
- O número total de persoas curadas e de falecementos.
- O número de PCR realizadas
- Así como, datos desagregados da situación en centros residencias e, nestas datas tamén, en escolas infantís e centros educativos.

Estamos a mellorar o portal web de información sobre a Covid-19 e desde o mes de novembro tamén está dispoñibles os datos en aberto para que poidan ser descargados. Nestes momentos, ademais do histórico de datos globais da pandemia en Galicia, están dispoñibles os datos de incidencia do virus en cada concello. A nova sección da web presenta en mapas por concellos o número de positivos en cada concello. A cidadanía pode visualizar de forma segura e doada a situación da pandemia nos seus concellos, hospitais e áreas de saúde.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:39:58  
**Nº Rexistro: 7062**  
Data envío: 30/12/2020 10:39:58.466

Polo tanto, a transparencia da administración autonómica é total. Sobre os datos de infectados por covid-19 por concellos hai que ter en conta a necesaria ponderación dos dereitos que están en xogo, como a protección de datos dos pacientes recollidos nas súas historias clínicas, que deben contar co nivel máximo de seguridade.

En conclusión, non estamos, polo tanto, ante un problema de ocultación. A Xunta non ten ningún interese en non ofrecer esa información e por suposto que está aberta a mellorar os contidos da web en todo o que sexa necesario.

<https://coronavirus.sergas.gal/> ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:39:58  
**Nº Rexistro: 7062**  
Data envío: 30/12/2020 10:39:58.466

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:39:55**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a incluír no novo plan de vivenda 2021-2025 medidas orientadas a intervir e rebaixar os prezos do mercado inmobiliario de alugueiro”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón de políticas públicas orientadas a impulsar o mercado inmobiliario en alugamento mediante diferentes programas de concesión de axudas ás persoas con mais dificultades, como son as axudas ao alugueiro con carácter xeral ou as destinadas a persoas en situación de vulnerabilidade pola Covid 19 e colectivos vulnerables, que a través do Bono de Alugueiro Social perciben en 2020 e 2021 o 100 por cento do custe do alugueiro.

Ademais, a Xunta conta cun parque público de vivendas no que se integran as novas vivendas construídas ou rehabilitadas que se adxudican en réxime de alugueiro a prezos moi reducidos.

Por outra banda, a Xunta potencia a creación dun parque público de vivendas en alugueiro por parte dos concellos de menos de 20.000 habitantes. Cabe salientar que os grandes concellos galegos renunciaron ás competencias en materia de vivenda protexida que lles outorga a lei de bases de réxime local.

Os grandes concellos, nos que se concentra a demanda, tamén renunciaron a mobilizar vivendas baleiras con destino a alugueiro a prezo reducido empregando o programa de Vivendas Baleiras posto á súa disposición polo IGVS e a Fegamp. Por ese motivo, en 2021 o IGVS creará un novo programa de vivendas baleiras de xestión directa, co obxectivo de sacar ao mercado vivendas que actualmente están





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:03:30  
**Nº Rexistro: 6960**  
Data envío: 29/12/2020 11:03:30.024

desocupadas.

En relación co Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, nestes momentos estase a traballar na súa elaboración consensuadamente cas diferentes entidades, organizacións e asociacións representadas no seno do pleno do Observatorio de Vivenda de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:03:30  
**Nº Rexistro: 6960**  
Data envío: 29/12/2020 11:03:30.024

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:03:26**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3726**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a axeitada cobertura da atención pediátrica no concello da Baña”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de A Baña dispón de atención pediátrica os martes e xoves de 08:00 a 15:00 horas para atender aos 258 nenos do concello, segundo datos de tarxeta sanitaria. O resto dos días a pediatra atende no Centro de Saúde de Mazaricos, onde poden desprazarse os nenos do Concello de A Baña se precisan atención os luns, mércores ou venres. A pesares de ter atención só dous días á semana a pediatra non presenta demoras na súa axenda. Isto implica que en circunstancias normais quedan ocos libres na axenda, polo que os días de consulta cumpren ás demandas reais de atención.

Nas ausencias imprevistas ou previstas que non se puideran cubrir, o pediatra de referencia é a do Centro de Saúde de Negreira ou o do Centro de Saúde de Santa Comba, segundo a proximidade do domicilio do neno e a elección dos pais, para os nenos menores de tres anos. O nenos maiores de tres anos son valorados polo médico de familia dos pais, que, en caso de precisar unha segunda opinión, poden derivar ao pediatra de referencia. O programa de formación MIR da especialidade en medicina familiar e comunitaria, inclúe unha parte específica que dota os médicos de familia de coñecementos e habilidades en pediatría de atención primaria capacitándoos para facer unha valoración inicial e resolver gran parte da patoloxía pediátrica.

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/formacion/docs/medifamiliar.pdf>

Polo exposto anteriormente, consideramos que está garantida a axeitada cobertura





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 7036  
Data envío: 29/12/2020 14:48:22.727

pediátrica no concello de A Baña.

No momento actual coa falta evidente de Pediatras, a cobertura das ausencias cun substituto non sempre se consegue; pero si está garantida a atención pediátrica de ese concello cos pediatras limítrofes e cos médicos de familia.

A suma dos nenos do concello de A Baña ao cupo da pediatra do centro de saúde de Negreira suporía un cupo por riba dos mil nenos, o que empeoraría a atención co respecto a situación actual. A pediatra do centro de saúde de A Baña tamén é a pediatra do centro de saúde de Mazaricos e aínda que supoña un desprazamento ao centro de saúde de Mazaricos, os nenos son valorados polo seu pediatra e sen demora. O dimensionamento actual do cupo de Pediatra A Baña-Mazaricos cumpre cas recomendacións das sociedades científicas. A matrona de A Baña ten vínculo xurídico como funcionaria fixa de APD (Atención Pública Domiciliaria). Este réxime obriga a atención aos usuarios/as do seu cupo de luns a sábados en horario de xornada ordinaria de 8:00h as 15:00h, sendo atendidos, no ámbito de Atención Primaria, o resto do tempo polo dispositivo de urxencias extrahospitalario correspondente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 7036**  
Data envío: 29/12/2020 14:48:22.727

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 14:48:19**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3751**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre “**os datos do Goberno galego para acordar a realización de cribados nas residencias universitarias galegas e posteriormente a todo o alumnado, unha vez iniciado o curso académico, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento dunha campaña de concienciación sobre a pandemia entre a mocidade**”, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No seguimento da Pandemia COVID-19 en Galicia estanse a realizar cribados intensivos en determinados grupos de poboación como é o cribado sistemático nas residencias socio-sanitarias; os realizados aos profesores e persoal dos centros educativos e de servizos sociais; ao persoal sanitario, coidadores de persoas maiores; tamén a traballadores da hostalaría e restauración, lonxas, traballadores temporeiros, etc. Tamén se teñen realizado amplos cribados en determinados grupos de idade ou en contornas determinadas sempre co obxectivo de identificar, previr ou avaliar posibles focos de transmisión

A incidencia do coronavirus está a aumentar en toda Galicia e en todos os grupos de idade. Neste contexto, o grupo de idade que máis aumenta é o de 15-19 anos, seguido do grupo de 20-24 anos. Nos primeiros días do mes de outubro coincidindo circunstancialmente co inicio do período lectivo da Universidade, detéctase un incremento bastante abrupto en estes dous grupos. Por outra banda, o incremento na incidencia acumulada a sete días dos máis novos (15-19 anos) no concello de Santiago de Compostela é especialmente sinalable xa que pasa dunha incidencia acumulada a 7 días de menos de 50 por cen mil habitantes do final do mes de setembro a preto dos 600 por cen mil habitantes a mediados de outubro. O mesmo patrón ocorre en outras cidades como Vigo ou Lugo, pero cunha menor intensidade.

A esta evolución estatística sinalada debe engadirse outras circunstancias singulares que obrigan a unha especial atención e vixilancia epidemiolóxica: a infección neste





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 7035  
Data envío: 29/12/2020 14:48:14.993

grupo de idade ten como característica que os que a padecen, adoitan ser asintomáticos con maior probabilidade, o que dificulta a súa detección e o necesario illamento dos casos, o estudo dos contactos e a súa corentena, complicando a posta en marcha das estratexias de control da infección actuais. Por outra banda, este grupo de idade tamén se caracteriza, en termos xerais, pola multiplicidade de interaccións sociais.

Neste contexto, cobra sentido a realización dun cribado sobre os estudantes universitarios, máis concretamente en contornas de convivencia colectiva, sempre atendendo ás circunstancias singulares antes mencionadas, e se enmarca nunha actuación de tipo preventivo sobre unha agrupación de persoas que probablemente non terán síntomas no caso de infectarse, o que dificultaría a detección e control da infección e polo tanto poderían converterse en posibles e importantes focos de transmisión”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 7035**  
Data envío: 29/12/2020 14:48:14.993

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 14:48:11

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3765**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo, no referido ao estado da infraestrutura, a calidade do servizo e a dotación de medios humanos e materiais, así como as xestións realizadas diante do Goberno central nos últimos oito anos para a súa mellora e os seus resultados”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten solicitado en repetidas ocasións e por diversos medios ao Goberno de España o restablecemento de todos os servizos de tren que suprimiu amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto no que atinxe ás conexións interiores como ás conexións de Galicia con outras Comunidades Autónomas, e mesmo con Portugal.

A demanda do restablecemento de servizos, tanto no que respecta ás frecuencias como aos traxectos, foi sempre acompañada pola petición de melloras nas infraestruturas, no material rodante, así como na dotación e mantemento do persoal necesario.

A Xunta de Galicia, no que respecta ao transporte público da súa competencia, sempre tratou de compaxinar as necesidades de mobilidade dos cidadáns coa





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:03:09  
Nº Rexistro: 6959  
Data envío: 29/12/2020 11:03:09.743

situación sanitaria de cada momento para garantir os desprazamentos e a prestación dun servizo de calidade no transporte público por estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:03:09  
**Nº Rexistro: 6959**  
Data envío: 29/12/2020 11:03:09.743

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:03:06**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3957**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da decisión de ofertar a posibilidade de facer tests rápidos para detectar a covid-19 a todas as persoas que o soliciten en determinadas farmacias de determinados concellos da provincia de Ourense, a valoración que fai das críticas realizadas polos colectivos profesionais ao respecto e os datos referidos ao desenvolvemento desta medida”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os test que se fixeron nas farmacias de Ourense forman parte dun estudo epidemiolóxico para coñecer a situación da Covid-19 nesta provincia, que inclúe concellos cunha alta incidencia da infección.

Non hai que esquecer que as farmacias forman parte do noso sistema sanitario e colaboran coa Consellería de Sanidade en moitas das actividades que se poñen en marcha, como pode ser a difusión de campañas de vacinación.

Fixéronse test de dobre banda que miden por unha banda anticorpos Ig M e por outro Ig G. O protocolo establece a necesidade de que, ante a positividade de calquera delas, proporciónese ao paciente un número de teléfono (Radar- Covid) onde lle indicarán a necesidade ou non doutras probas adicionais para facer o diagnóstico.

É importante sinalar que todas as probas foron rexistradas de forma nominal para poder ter o control de todo o proceso.

Doutra banda, hai que ter en conta que un test con resultado negativo, sexa o que sexa, non protexe dunha infección que pode ocorrer en calquera momento, polo que nunca hai que relaxarse respecto ás medidas de control da transmisión do virus que xa están establecida ”.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:39:50  
**Nº Rexistro: 7061**  
Data envío: 30/12/2020 10:39:50.903

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:39:50  
**Nº Rexistro: 7061**  
Data envío: 30/12/2020 10:39:50.903

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:39:45**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
Nº Rexistro: 7034

Data envío: 29/12/2020 14:35:45.321  
Data 29/12/2020 14:35

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3962**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **“a presentación por Xeal dalgún plan de viabilidade para as súas fábricas de Cee e Dumbría, a súa reclamación polo Goberno galego ao novo propietario e as súas previsións respecto da exigencia do mantemento nel dos postos de traballo nas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do anterior director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Ángel Bernardo Tahoces, con motivo do debate da pregunta 3958 que tivo lugar na sesión do 18 de novembro de 2020 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2020-11-18?part=6443b14c-4c47-4da2-b512-82738d0514ca&start=1054>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 09:30:00  
**Nº Rexistro: 7034**  
Data envío: 29/12/2020 14:35:45.321

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 14:35:37**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/12/2020 10:42:02  
Nº Rexistro: 7067  
Data envío: 30/12/2020 10:42:02.872  
Data 30/12/2020 10:41

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3982**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos recentes contaxios de SARS-CoV-2 detectados no Complexo Hospitalario de Montecelo, en Pontevedra, o cumprimento no centro das normas de limpeza e desinfección e a substitución do persoal sanitario que ten que gardar corentena, así como a asunción pola xerencia do hospital dalgunha responsabilidade ao respecto”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tras a detección do primeiro positivo no servizo do Hospital Provincial, o protocolo preventivo activou o cribado do resto de pacientes, así coma do persoal desa unidade de hospitalización, na que se procedeu así mesmo á súa limpeza intensiva e desinfección nas habitacións e espazos comúns. segundo o informe técnico que efectuou sobre este brote o servizo de Medicina Preventiva da Área Sanitaria, que analiza e efectúa seguimento de cada situación.

Intensificouse a limpeza e desinfección da sala de enfermaría e o control de hospitalización do servizo de Oncoloxía, que mantén a súa continuidade asistencial recibindo controis preventivos de xeito programado.

O protocolo preventivo ante a covid-19 actívase cando se require clínica e epidemioloxicamente en calquera centro asistencial desta Área Sanitaria, respostando ás incidencias e en permanente coordinación cos servizos sanitarios e cos profesionais asistenciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:42:02  
**Nº Rexistro: 7067**  
Data envío: 30/12/2020 10:42:02.872

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:41:58**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4007**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación e capacidade asistencial a partir do mes de outubro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e dos hospitais comarcais de Valdeorras e Verín, así como os datos referidos á derivación de doentes destes hospitais cara a outros centros e a suspensión de intervencións non urxentes neles”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A ocupación das camas de críticos, tanto de pacientes covid como non covid, así como o número de pacientes hospitalizados e por tanto susceptibles de descompensación e de requirir atención intensiva, fixo que houbera unha alta ocupación de pacientes críticos non covid na unidade de recuperación postanestésica.

Esta circunstancia tan só permite asumir con seguridade a atención cirúrxica urxente, preferente, oncolóxica e garantida.

O resto de actividade cirúrxica programada e demorable estase adiouse, ou ben substituíse por procesos que non tiveron requirimentos de coidados intensivos postcirúrxicos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:55:03  
Nº Rexistro: 6992  
Data envío: 29/12/2020 12:55:03.477

A volta á programación ordinaria fíxose segundo a evolución da pandemia en Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:55:03  
**Nº Rexistro: 6992**  
Data envío: 29/12/2020 12:55:03.477

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:55:00**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 30/12/2020 10:41:53  
Nº Rexistro: 7066

Data envío: 30/12/2020 10:41:53.731  
Data 30/12/2020 10:41

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4039**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á atención sanitaria que se está a prestar á veciñanza do concello de Touro, as súas previsións respecto da resolución dos problemas de espazo existentes no centro de saúde e a garantía do axeitado funcionamento do servizo de atención telefónica nese concello”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención médica e de enfermería cumpre cos estándares de calidade, non hai lista de espera, existindo actualmente ocos libres na axenda para o día seguinte. A media de atención é de 28 consultas telefónicas e 7 de presenza física por médico, similar a do resto dos médicos do área sanitaria.

Neste momento estase adaptar un espazo baleiro (antigo arquivo de historias clínicas) para convertelo nunha consulta mais para uso asistencial.

Debido a o control de aforo que nos obriga a actual Pandemia e para evitar a transmisión do virus, faise imprescindible que se regule o acceso a tódolos centros de saúde e así poder garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais.

O centro de saúde de Touro dispón de dous teléfonos para información e cita previa, un dos números, deriva en caso de non ser atendido, a central de chamadas que proporcionara una cita na axenda do persoal sanitario que indique o paciente. A consellería de Sanidade xunto a Xerencia da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza está a traballar para facer unha xestión unificada das chamadas entrantes dos centros de saúde ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:41:53  
**Nº Rexistro: 7066**  
Data envío: 30/12/2020 10:41:53.731

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:41:49**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:02:49  
Nº Rexistro: 6958

Data envío: 29/12/2020 11:02:49.884

Data 29/12/2020 11:02

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4057**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración polo Goberno galego dos resultados en Galicia no que se refire á loita contra a corrupción, así como a consideración pola Xunta de Galicia dos resultados referentes á protección dos ecosistemas terrestres e a diversidade biolóxica e as actuacións levadas a cabo polo organismo interdepartamental encargado do seguimento dos obxectivos 2030”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 13 de novembro de 2020 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Dª. Sagrario Pérez Castellanos, en resposta á pregunta oral 4056.

Na súa intervención, a directora xeral explicou os pasos dados pola Xunta para o seguimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable marcados por Nacións Unidas para 2030”.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 13 de novembro de 2020:





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:02:49  
Nº Rexistro: 6958  
Data envío: 29/12/2020 11:02:49.884

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-11-13?part=ce586547-5973-4086-9b2a-e09c04dc1b04&start=3448> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:02:49  
**Nº Rexistro: 6958**  
Data envío: 29/12/2020 11:02:49.884

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:02:46**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:02:22  
Nº Rexistro: 6957

Data envío: 29/12/2020 11:02:22.181

Data 29/12/2020 11:02

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 4152, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre “as razóns da rebaixa por importe de 14.540.000 euros levada a cabo polo Goberno galego no ano 2019 no orzamento do programa 451B,- Acceso á vivenda, e os valores acadados nese ano polos indicados denominados Vivendas de promoción pública licitadas e Axudas concedidas para o acceso á vivenda, así como o impacto desa medida nos colectivos potencialmente beneficiarios da execución dese programa na súa totalidade”, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta parte dun erro de interpretación das contas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Instituto Galego da Vivenda e Solo, mesturando cifras de ambos orzamentos. A execución de fondos propios do programa 451B do orzamento do IGVS en 2019 superou o 76 por cento. Polo que respecta aos fondos finalistas, xa se indicou reiteradamente que son de execución plurir anual, polo que habitualmente a concesión faise nun ano e o pagamento nunha anualidade posterior. As axudas concedidas nun ano e pendentes de pago non se perden, senón que se incorporan no seguinte exercicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:02:22  
**Nº Rexistro: 6957**  
Data envío: 29/12/2020 11:02:22.181

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:02:15**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:01:58  
Nº Rexistro: 6956  
Data envío: 29/12/2020 11:01:58.540  
Data 29/12/2020 11:01

En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **4235**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2019 o Programa 451A, - Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, a avaliación do seu impacto e os valores acadados polos indicadores denominados Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación e Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta parte dun erro de interpretación das contas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e do Instituto Galego da Vivenda e Solo, mesturando cifras de ambos orzamentos. A execución de fondos propios do programa 451A do orzamento do IGVS en 2019 superou o 80 por cento. Polo que respecta aos fondos finalistas, xa se indicou reiteradamente que son de execución plurir anual, polo que habitualmente a concesión faise nun ano e o pagamento nunha anualidade posterior. As axudas concedidas nun ano e pendentes de pago non se perden, senón que se incorporan no seguinte exercicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:01:58  
**Nº Rexistro: 6956**  
Data envío: 29/12/2020 11:01:58.540

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:01:54**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4352**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do actual desabastecemento dos centros de saúde da vacina da gripe, as previsións referidas á súa dispoñibilidade e subministración, así como sobre a garantía desta vacina polo Sergas a todas as persoas e colectivos de risco”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nestes momentos subministráronse 940.893 doses da vacina da gripe aos puntos de vacinación, das que xa se administraron 808.527; e xa se superou o obxectivo marcado de vacinación do persoal sanitario, especialmente no persoal médico, con máis do 76% vacunado (74,79 entre o persoal de enfermería). Na actualidade, xa se vacinaron un total de 5.678 profesionais sanitarios máis que no total da campaña do ano anterior.

Ademais, a Consellería de Sanidade tamén está preto de acadar o obxectivo marcado en vacinación de persoas de 65 ou máis anos, fixado no 75%, e en embarazadas, 60%. Así, na actualidade, xa se vacinaron un total de 72.682 máis de persoas de 65 anos ou máis que en toda a campaña de 2019.

Sinalar que, por áreas sanitarias, as coberturas de vacinación en persoas de 65 ou máis anos, están moi próximas ou incluso superan o 75% na área de Lugo (75,1%) e na área de Ourense (74,79). O resto das áreas tamén teñen porcentaxes moi elevadas.

Cómpre remarcar que os grupos poboacionais obxectivo desta campaña son, especialmente, os de 65 ou máis anos ou as persoas que convivan en institucións pechadas (residencias de persoas maiores e outros centros de atención e crónicos).





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:58:37  
Nº Rexistro: 7003  
Data envío: 29/12/2020 12:58:37.337

Tamén son poboación diana as persoas de menos de 60 anos que teñen risco de complicacións derivadas da gripe, e as mulleres durante o puerperio (ata 6 meses tras o parto), sempre que non se vacinarán no embarazo.

Son igualmente poboación diana as persoas que lles poden transmitir a gripe a outras con alto risco de complicacións. Outras persoas nas que se recomenda a vacinación son as que desenvolven traballos esenciais para a comunidade.

Sinalar, por último, que o investimento final na campaña por parte da administración sanitaria galega supera os 3,4 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:58:37  
**Nº Rexistro: 7003**  
Data envío: 29/12/2020 12:58:37.337

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:58:32

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4394**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **a situación na que se atopan os centros sanitarios de atención primaria pechados con motivo da covid-19, o cronograma previsto polo Goberno galego para a súa apertura e o volume de atención presencial e telefónica que se está a prestar**”, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións levadas a cabo, foron motivadas co fin de garantir a seguridade de pacientes e profesionais polo que se pechou algún consultorio periférico no que non se podían garantir circuitos diferenciados para atender a pacientes sospeitosos de padecer a enfermidade COVID-19 de outras patoloxías e neses casos a atención centralizouse no centro de saúde de referencia.

Polo que atinxe o cronograma sobre o que preguntan, cando a situación epidemiolóxica o permita ,poderemos concretalo, xa que neste intre dada a evolución da pandemia ,que se xunta co risco de padecer enfermidades respiratorias ligadas a época estacional na que nos atopamos e na que a gripe, os catarros e demais patoloxías respiratorias aumentan tanto en adultos coma en nenos, obrigannos a ser cautos na toma de decisións.

A consulta telefónica xa existía antes da pandemia o igual que o seguimento por TELEA para patoloxías crónicas e potenciáronse ámbalas dúas nestes meses. No caso da telefónica para facer unha primeira consulta e se o profesional sanitario o que vai dirixida :MF, Enfermería, Matrán/a, Odontologo/a, Hixienista, Pediatra, Fisioterapeuta...) xunto co paciente, consideran que se debe completar cunha cita presencial, dáselle unha consulta programada por seguridade para pacientes e profesionais evitando esperas innecesarias nos centros e tamén espaciando as citas para evitar aglomeracións nos centros de saúde que a día de hoxe forman parte das





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:55:42  
Nº Rexistro: 6993  
Data envío: 29/12/2020 12:55:42.696

mediadas preventivas que se demostraron eficaces para previr a infección polo virus SARS-COV-2 xunto co lavado de mans e o uso de máscara”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:55:42  
**Nº Rexistro: 6993**  
Data envío: 29/12/2020 12:55:42.696

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:55:38**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: 4410, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para adaptar o espazo do servizo de Urxencias Pediátricas do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela á situación de pandemia xerada pola covid-19 e a súa dotación do persoal necesario, así como as razóns das deficiencias que segue a presentar a súa dotación de material”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actual situación de pandemia COVID obrigou a reorganizar toda a actividade asistencial que se realiza tanto en atención primaria como nos hospitais. Esta reorganización ten como obxectivo evitar a transmisión do virus e frear a expansión da pandemia. Unha medida fundamental nos servizos de urxencias hospitalarios é establecer circuitos diferenciados para a atención aos pacientes COVID e así se fixo nos servizos e áreas asistenciais do Hospital Clínico de Santiago, incluíndo a Urxencia de Pediatría. No caso das Urxencias de Pediatría establecéronse circuitos diferenciados, pero a estrutura arquitectónica e distribución de espazos imposibilita o que estes circuitos sexan perfectos, sen unha zona de preparación de medicación e almacén e un cuarto de limpeza de material independentes. A única forma de facelo é habilitar espazos, fóra do propio servizo de urxencias de pediatría, para que estes poidan ser totalmente independentes. Estes espazos requiridos non estaban dispoñibles ata que se puido abrir a nova área de urxencias de adultos, o pasado día 3 de novembro, o que á súa vez permitiu reordenar os espazos para a asistencia a pacientes non COVID, podendo dispoñer de 2 cubículos, que ata o momento viñan ocupando as consultas de Oftalmoloxía e Traumatoloxía. A reubicación destas consultas requiriu da realización de obras para acondicionamento destes espazos, motivo polo que ata o momento actual non puidemos dispoñer destas 2 consultas. Actualmente temos habilitados dous circuitos diferenciados e que comezan a traballar coa nova estrutura.

Tamén, é importante destacar que desde mediados do mes de outubro dispoñemos de test de antíxenos na urxencia de Pediatría, que acurtan de forma substancial, con resultado en menos de 30 minutos, o diagnóstico de COVID en pacientes sintomáticos. Isto permite





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:56:02  
Nº Rexistro: 6994  
Data envío: 29/12/2020 12:56:02.431

clasificar nun curto espazo de tempo aos pacientes sintomáticos como COVID ou non COVID, facilitando a ordenación e manexo destes pacientes na urxencia pediátrica.

En relación ás demandas de material procedeuse a subministrar 6 camas Hill Rom, modelo HR 900, idénticas ás utilizadas na UCI pediátrica, e un monitor de presión arterial. Solicitáronse e esperamos que estea dispoñible antes de final de mes 1 berce LINET, modelo TOM 2, igual á da UCI pediátrica e 6 padiolas hidráulicas de 2 seccións, varanda con funda anti-golpe. En canto ao persoal manterase o reforzo de persoal auxiliar de enfermería con que xa se dotou esta unidade como consecuencia da actual pandemia COVID, dunha auxiliar por quenda. É importante lembrar que a demanda de urxencias pediátricas no hospital reduciuse de forma substancial desde o comezo da pandemia. No mes de xaneiro deste ano o número de pacientes atendidos situábase entre 90 e 100 diarios, caendo a menos de 20 no mes de abril, e aínda que parcialmente se recuperou, a media de pacientes atendidos diariamente nos meses de setembro e outubro non alcanzan os 50. Achegamos gráfica na que se pode ver a evolución da demanda de asistencia no servizo de Urxencias de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:56:02  
**Nº Rexistro: 6994**  
Data envío: 29/12/2020 12:56:02.431

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:55:57**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4433**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas de asistencia sanitaria e de renovación de receitas a pacientes crónicos xerados no sistema de Atención Primaria do Sergas, o número de profesionais de medicina familiar e comunitaria incrementados polo Sergas dende o inicio da pandemia e a resposta que está a ofrecer aos pacientes que precisan renovar as receitas e non poden facelo pola saturación do sistema”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Existe un sistema de atención telefónico posto en marcha para a atención dos pacientes crónicos.

A actual pandemia provocada pola COVID 19, ven de incrementar este tipo de consultas non presenciais. Polo tanto este incremento obedece á situación epidemiolóxica que estamos a padecer.

Nembargantes os sistemas electrónicos de receita funcionan e o veñen facendo con normalidade dende o inicio da pandemia. Se o médico de atención primaria ou hospitalaria considera que esa renovación é necesaria, pode proceder a emitir as novas receitas sen problema.

Dende o punto de vista específico de farmacia do Servizo Galego de Saúde existe en IANUS ( historia clínica electrónica) unha funcionalidade que se chama ‘marca de última receita’. Esta marca avisa o farmacéutico da oficina de farmacia que o paciente acaba de retirar a súa última receita activa polo que iste comunica o paciente que debe poñerse en contacto co seu médico para renovar (se o médico o considera axeitado) esa prescrición.

Polo tanto se o farmacéutico avisa desa circunstancia o paciente ten un período de tempo que corresponde á duración dese envase para solicitar unha nova receita.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:41:44  
**Nº Rexistro: 7065**  
Data envío: 30/12/2020 10:41:44.434

Durante a primeira onda da pandemia, cando estaba vixente o primeiro estado de alarma o SERGAS emitiu unha instrución de xeito que os farmacéuticos de atención primaria que desenvolven a súa actividade en centros de saúde da nosa Comunidade puideran axudar a xestión da demanda de receitas así como de xeito excepcional, a emisión de receitas que o paciente necesitara de xeito urxente e sempre comprobando que existira una prescrición activa e que o paciente realmente requirise a receita, dado que poden existir prescricións activas pero que non implican que teña que haber receitas xeradas porque nese intre o paciente non precisa ese tratamento ou rematou o mesmo.

Dende o 30 de outubro deste ano a posta en marcha do o RD 954/2015 de 23 de outubro posibilita que en próximos meses enfermaría poda proceder a indicación, uso e autorización de certos tratamentos ligados a determinadas patoloxías.

Isto implica que se podan xerar receitas desas patoloxías polo que se incorporará un volume importante de novos puntos de xeración dende a rede de atención primaria do noso sistema público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 30/12/2020 10:41:44  
**Nº Rexistro: 7065**  
Data envío: 30/12/2020 10:41:44.434

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/12/2020 10:41:40**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4443**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora do Goberno galego na convocatoria da mesa de negociación para a consecución dun convenio colectivo digno para o persoal das fundacións de investigación biomédica de Galicia, e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, no ano 2010 existían 7 Fundacións de investigación sanitaria nas que ningunha delas tiña formalizado un convenio colectivo cos seus traballadores.

O primeiro en que se traballou foi en refundir e unificar esa dispersión para agrupala nas 3 Fundacións de investigación que existen neste momento para fortalecer estruturas e aproveitar sinerxias coas Universidades e cos Institutos de Investigación.

Neste momento, por primeira vez desde que existen estas fundacións de investigación, está a negociarse polas mesmas convenios colectivos específicos para cada unha delas. En calquera caso parece un erro asociar o que unha entidade non teña un convenio colectivo propio con condicións dignas de traballo. Hai moitas entidades e empresas que non teñen o seu propio convenio colectivo e non por iso as súas condicións de traballo son inadecuadas, ao contrario.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:56:18  
Nº Rexistro: 6995  
Data envío: 29/12/2020 12:56:18.509

Como dicíamos, estívoise traballando e seguirase traballando co obxectivo de conseguir a formalización de convenios colectivos nestas entidades. De feito ata o momento fóronse elaborando distintos aspectos importantes en calquera norma deste tipo, como se refire aos dereitos e deberes dos traballadores, o réxime de xornada laboral, horario e vacacións, réxime de permisos, excedencias, de dereitos de representación etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:56:18  
**Nº Rexistro: 6995**  
Data envío: 29/12/2020 12:56:18.509

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:56:13**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 13:49:09  
Nº Rexistro: 7017

Data envío: 29/12/2020 13:49:09.352

Data 29/12/2020 13:49

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4450**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información da Xunta de Galicia referida ao avance por Endesa no proceso de peche da central térmica das Pontes, así como a realización dalgunha valoración en relación coa actuación que está levar a cabo respecto do seu cadro de persoal directo, o impacto económico dese peche e as consecuencias da perda dun produtor enerxético das súas características e dimensións”**, (publicada no BOPG número 41 do 5 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da pregunta 6472, que tivo lugar na sesión plenaria do 23 de decembro de 2020.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-12-23?part=65057c1e-2168-4b40-823b-ade4eb33711d&start=13681> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 13:49:09  
**Nº Rexistro: 7017**  
Data envío: 29/12/2020 13:49:09.352

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 13:49:06**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:56:40  
Nº Rexistro: 6996

Data envío: 29/12/2020 12:56:40.446

Data 29/12/2020 12:56

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para adoptar decisións que levan ao peche do Consultorio Médico de Barbantes, no concello de Cenlle, o prazo previsto para a súa rectificación e o número de cartillas afectadas”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os protocolos estatais e autonómicos, tanto asistencias como no que atinxe á protección dos propios profesionais sanitarios, recollen a necesidade de establecer unha consulta específica para a atención a pacientes con patoloxía respiratoria e nomeadamente a casos sospeitosos de padecer Covid-19, cunha serie de características que minimicen os riscos tanto para a poboación como para os sanitarios.

Este requirimento non é posible mantelo no Consultorio de Barbantes, dadas as súas características e dimensións, o que podería dar pé a que a atención a un caso sospeitoso impidise continuar coa actividade ordinaria do centro.

Dada a situación epidemiolóxica actual, e a inminencia da vaga gripal





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 12:56:40  
Nº Rexistro: 6996  
Data envío: 29/12/2020 12:56:40.446

estacional, faise imprescindible a consolidación deste dobre circuito, que si é posible e está perfectamente configurado no Centro de Saúde de Cenlle, ao dispor dunha sala covid específica, illada do resto de áreas e con ventilación natural específica. A maior abundamento, a sala de espera de Cenlle permita garantir a distancia de seguridade entre pacientes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:56:40  
**Nº Rexistro: 6996**  
Data envío: 29/12/2020 12:56:40.446

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:56:34**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4831**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da revisión da súa decisión verbo da exclusión das actividades cinexéticas non competitivas das restricións de mobilidade establecidas en Galicia para afrontar a covid-19 no protocolo Fisicovid, da Federación Galega de Caza”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“En resposta ás cuestións formuladas no ámbito da presente iniciativa, cabe informar que o proceso de elaboración e validación dos distintos protocolos da Federación Galega de Caza -o primeiro foi visado o 5 de xullo, e posteriormente adaptado no mes de novembro- discorron de xeito paralelo, e absolutamente equiparable e homologable- ao de calquera outra federación deportiva.

O protocolo FISICOVID-DXTGALEGO -aprobado por resolución do 15 de xuño e publicado no diario oficial de Galicia-, é o instrumento que recolle as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia. É por tanto a norma básica e de referencia para o conxunto do deporte federado na nosa Comunidade Autónoma, e así se establece na propia resolución publicada e en todas e en cada unha das ordes e normas establecidas aos efectos da prevención e control da pandemia polo goberno galego, nomeadamente tamén nas ordes da consellería de Sanidade aprobadas ao efecto. Sobre esta base, todas as federacións deportivas están





en disposición de reactivar a súas respectivas competicións e actividades – como así o fixeron xa moitas delas- en condicións de seguridade.

O procedemento de adaptación deste marco xeral a cada unha das modalidades e especialidades, seguiu un rigoroso e detallado traballo das respectivas federacións e do persoal do departamento con competencias no ámbito deportivo, o que, evidentemente, contou sempre co apoio e colaboración dos restantes departamentos no respectivo ámbito que puidera afectar, entre eles claro está o de sanidade.

No tocante ás cuestións formuladas no ámbito da mobilidade, calquera titular dunha licenza emitida por calquera federación deportiva galega estarán suxeitos ás restricións –entre elas, de mobilidade- que establece a norma en vigor, e nas condicións que establece a norma. A licenza deportiva non é ningún salvoconduto, e a mobilidade no ámbito deportivo, está suxeito a claras determinacións:

1. Acreditación de que non existen alternativas de realización do adestramento ou a competición no ámbito territorial que non exixa o desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes.
2. Que o desprazamento se realice:
  - a) Por deportistas de alto nivel, de alto rendemento ou deportistas incluídos en programas de tecnificación e rendemento deportivo, do CSD ou da SXD.
  - b) Por deportistas federados, unicamente respecto de competicións de ámbito estatal ou autonómico non profesional cun calendario aprobado para a tempada 2020/2021.
  - c) Por técnicos ou adestradores dos deportistas antes referidos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 11:01:36  
Nº Rexistro: 6955  
Data envío: 29/12/2020 11:01:36.290

3. En terceiro lugar, a persoa que se desprace deberá portar durante o mesmo un certificado da correspondente federación ou club deportivo onde se certifique a condición do/a deportista e a causa da exención ás restricións de mobilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 11:01:36  
**Nº Rexistro: 6955**  
Data envío: 29/12/2020 11:01:36.290

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 11:01:32**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora da Consellería de Sanidade no cumprimento do acordo parlamentario referido á endometriose e a súa opinión respecto da atención sanitaria que se está a prestar ás mulleres que padecen esta doenza”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei número 35719 aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuíto asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento. En cada unha delas establécese un circuíto asistencial,





no que se inclúe a derivación a outras unidades como son as consultas de cirurxía ou de esterilidade.

A través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, organizáronse actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas á pacientes e cidadáns en xeral. Tamén se lles ofreceu a Asociación querENDO a posibilidade de realizar difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro 'O experto responde' sobre este tema.

A 'Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)' está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Nesta guía recoñécese a dificultade de chegar ao diagnóstico desta enfermidade baseado no solapamento dos síntomas con outros procesos, a variabilidade sintomática, ou a conciencia xeneralizada por parte das propias mulleres que asumen como normal que a menstruación doa. Esta aceptación da normalidade da dor menstrual por parte das mulleres pode facer que pasen varios anos ata que a endometriose é diagnosticada.

Todo isto leva a un infradiagnóstico ou a un mal etiquetado do proceso que se pode incluír noutras categorías como a dismenorrea idiopática. Nalgúns casos de agudización da endometriose, esta pode confundirse coa enfermidade inflamatoria pelviana pero non como un diagnóstico crónico. Isto fai que a demora no diagnóstico de endometriose sexa frecuente; e poidan pasar 7 u 8 anos desde o inicio dos síntomas ata o seu diagnóstico.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade, tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Desde a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde continuaremos prestando unha asistencia de calidade ás persoas que padezan esta enfermidade, a través de medidas encamiñadas ao seu coñecemento, detección e seguimento.

Entre as medidas que continuaremos a desenvolver está a mellora da recollida de





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:56:56  
**Nº Rexistro: 6997**  
Data envío: 29/12/2020 12:56:56.587

información sobre esta patoloxía nas consultas externas de xinecoloxía que permitirá coñecer mellor a dimensión do problema e continuar cos cursos formativos dirixidos aos profesionais: médicos/as de familia, matronas/matróns, xinecólogos/as e pediatras”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:56:56  
**Nº Rexistro: 6997**  
Data envío: 29/12/2020 12:56:56.587

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:56:52**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4992**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para solucionar as deficiencias existentes en materia laboral e garantir a calidade asistencial no Hospital Povisa, de Vigo, así como sobre o seguimento que está a realizar do cumprimento das condicións do concerto”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No debate sobre o estado da autonomía do 2018 aprobouse a seguinte resolución a que se deu cumprimento:

Proposta de Resolución número 21

‘O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter o nivel de calidade asistencial na poboación asignada a POVISA e protexer os postos de traballo existentes no marco das obrigas pactadas no convenio asinado entre o SERGAS e o hospital’.

O Servizo Galego de Saúde e Povisa chegaron a un acordo adicional para facer máis eficiente a execución do concerto. As dúas premisas do Sergas son seguir mantendo o nivel de calidade asistencial da poboación asignada e a de manter a estabilidade da plantilla de profesionais.

Para o control de contratos de prestacións de servizos de asistencia sanitaria, nos que se inclúe Povisa, creouse mediante o Decreto 137/2019, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, un servizo específico de Control (creado no 2020), que ten, entre outras funcións, o deseño e implantación de sistemas de control interno. Este servizo deberá realizar análises que permitan facilitar a toma de decisións e un adecuado seguimento da evolución e control do contrato con Povisa.





Entre as súas funcións están:

- a) O deseño e a implantación dos sistemas de control interno, especialmente nas áreas dos contratos da prestación de servizos de asistencia sanitaria e dos novos modelos de colaboración e xestión. O sistema de control interno abarcará os aspectos orzamentarios, económicos e financeiros, así como a avaliación de programas e proxectos.
- b) O seguimento da execución dos concertos singulares e dos novos modelos de colaboración e xestión, así como o estudo da garantía de execución dos mesmos.
- c) O control do gasto, co obxecto de optimizar da mellor maneira posible os recursos dispoñibles.
- d) A identificación de aspectos de mellora na execución e o análises das reclamacións presentadas en relación cos concertos singulares e novos modelos de colaboración e xestión.
- e) A elaboración de informes para promover a eficiencia e facilitar a toma de decisións no campo del control interno.

Por primeira vez introduciuse no concerto con Povisa a sinatura dun Acordo de Xestión, e de conformidade co previsto no concerto, anualmente o Sergas establece a POVISA obxectivos de calidade asistencial:

- para o cumprimento dos obxectivos de lista de espera
- para a calidade na prestación farmacéutica
- para os outros obxectivos como as liñas estratéxicas de calidade e seguridade e sistemas de información.

Polo tanto co centro Hospitalario Povisa tal como se establece no concerto actual vixente asínanse obxectivos anuais a cumprir na asistencia sanitaria dispensada aos pacientes Sergas e faise un seguimento e avaliación final da consecución destes obxectivos.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:57:11  
**Nº Rexistro: 6998**  
Data envío: 29/12/2020 12:57:11.415

Ademais os profesionais da xerencia da área sanitaria de Vigo realizan un seguimento periódico a través da Comisión Mixta Sergas-Povisa para o seguimento do concerto subscrito; a maiores, de ser preciso, se poden solicitar auditorías ou revisións específicas á inspección de servizos sanitarios da Consellería de Sanidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 12:57:11  
**Nº Rexistro: 6998**  
Data envío: 29/12/2020 12:57:11.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 12:57:07

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 13:48:34  
Nº Rexistro: 7016

Data envío: 29/12/2020 13:48:34.509  
Data 29/12/2020 13:48

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5093**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mantemento polo Goberno galego na actualidade da necesidade de ampliar os servizos sanitarios no concello de Cedeira e o prazo previsto para a inclusión desta ampliación no Plan funcional da área sanitaria de Ferrol”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A necesidade mantense e de feito tramitouse e aprobouse o plan funcional no que se recolle dita necesidade, e estase a estudar como levalo a cabo.

O Concello de Cedeira en escrito de 20/01/2020 solicitou a inspección da parcela que propón ceder, sita na rúa Ortigueira 7, para determinar as actuacións urbanísticas a desenvolver.

O 11/02/2020 o Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos informou que non era viable, polo menos a curto ou medio prazo, a demolición do edificio situado nesa parcela e a ampliación do centro de saúde nela. O informe recolle:

Por un lado temos que tal como está o Planeamento, a ampliación dos edificios existentes ou a súa derruba e ampliación do actual centro de saúde requiriría unha modificación puntual do planeamento vixente para regular as condicións de edificabilidade e usos (transcrición do anterior informe municipal).

E por outro lado temos que o uso expresamente prohibido para edificacións no art. 25 da Lei de Costas é o de vivenda, non mencionando outros usos. Non obstante as disposicións terceira e cuarta prohibe os aumentos de altura, superficie ou volume nas edificacións existentes.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 13:48:34  
Nº Rexistro: 7016  
Data envío: 29/12/2020 13:48:34.509

Parece que o único camiño posible sería unha modificación do planeamento vixente, encaixando as necesidades de edificabilidade e forma necesarias nesta modificación co permitido na Lei de Costas e no seu Regulamento, polo que a redacción desta figura do planeamento e a realización dos trámites necesarios, entre outros a preceptiva autorización de Costas, sería un proceso excesivamente dilatado no tempo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 13:48:34  
**Nº Rexistro: 7016**  
Data envío: 29/12/2020 13:48:34.509

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 13:48:30**

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Dirección Xeral de Relacións  
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2020 13:48:19  
Nº Rexistro: 7015

Data envío: 29/12/2020 13:48:19.415

Data 29/12/2020 13:48

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5132**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación que fai o Goberno galego da mingua da calidade da atención pediátrica no concello de Cedeira, en particular nestes tempos da covid-19, e as súas previsións respecto do completo restablecemento do servizo de pediatría no centro de saúde da vila”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na situación da pandemia pola Covid-19 e coa carencia de profesionais sanitarios fíxose un gran esforzo para dar cobertura tanto no ámbito do concello de Cedeira coma noutros concellos limítrofes.

Dende o 10 de novembro de 2020 normalizouse a atención pediátrica no Centro de Saúde de Cedeira, xa que se incorporou a titular da praza tras ausencia derivada de maternidade e vacacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/12/2020 13:48:19  
**Nº Rexistro: 7015**  
Data envío: 29/12/2020 13:48:19.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/12/2020 13:48:15

CSV: BOPGDSPGFOFTdumsV7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5406**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao incremento da dotación de persoal do PAC de Meira e a garantía dunha atención pediátrica de calidade no centro de saúde”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

